

**Resolución do 23 de abril de 2023, do tribunal designado pola Resolución do 17 do marzo de 2023 (DOG núm. 61 do 28 de marzo) para cualificar o proceso selectivo unitario para a provisión, mediante contrato laboral temporal, de postos de auxiliares de policía local, convocado pola Orde do 17 de febreiro de 2023 (DOG núm. 41 do 28 de febreiro), pola que se da publicidade a diversos acordos**

En sesión que tivo lugar o 23 de abril de 2023 o Tribunal designado pola Resolución do 17 do marzo de 2023 (DOG núm. 61 do 28 de marzo) para cualificar o proceso selectivo unitario para a provisión, mediante contrato laboral temporal, de postos de auxiliares de policía local, convocado pola Orde do 17 de febreiro de 2023 (DOG núm. 41 do 28 de febreiro)

**ACORDOU**

1.Facer pública como Anexo I a esta resolución a listaxe provisional de persoas que superaron a primeira proba do proceso.

2.Facer pública como Anexo II a esta resolución a listaxe provisional dos resultados da primeira proba do proceso.

3. De acordo co establecido nas bases da convocatoria, as persoas aspirantes poderán presentar as alegacións que consideren oportunas a súa cualificación, no prazo de dous días que se contarán dende a publicación desta resolución. Para a presentación das alegacións deben terse en conta os seguintes aspectos:

a)As alegacións presentaranse preferiblemente na sede electrónica da Xunta de Galicia, sede.xunta.gal.

No caso de que a solicitude de participación no proceso se fixera a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, a dita sede electrónica da Xunta de Galicia permitelles ás persoas interesadas facer trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo a Carpeta do cidadán da persoa interesada.

No caso de que a solicitude de participación no proceso se fixera por calquera outro medio accedendo á sede electrónica da Xunta de Galicia (sede.xunta.gal) e presentando o modelo PR004A, que se dirixirá á Academia Galega de Seguridade Pública.

b)Non obstante, cando as persoas interesadas non resulten obrigadas á presentación electrónica das solicitudes tamén poderán tramitarse presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común (Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

No caso de presentarse a alegación por calquera medio diferente da sede electrónica da Xunta de Galicia, **deberá remitirse** unha copia da alegación presentada e do xustificante da súa presentación ao enderezo electrónico [seleccion.agasp@xunta.gal](mailto:seleccion.agasp@xunta.gal) antes das 23:59 do 25 de abril de 2023.

En A Estrada, 23 de abril de 2023

A Presidenta do Tribunal

Paula Cajaraville Leiro